

# **Compilación de novas publicadas sobre o Consorcio para a Planificación Lingüística**



Xuño de 2008

## Nova no web da Xunta (31 de maio de 2007)

<http://www.xunta.es/linguagalega/noticias/347>

### **O Consorcio de Planificación Lingüística sentará as bases para a coordinación dos servizos municipais de normalización**

- Marisol López explicou que esta nova estrutura estará creada antes de finais de ano para incrementar o uso do galego na Administración local
- Formarán parte do Consorcio os concellos, as deputacións e a Fegamp
- A secretaria xeral deu conta tamén, no Parlamento de Galicia, das accións xa desenvolvidas en virtude do Protocolo de colaboración asinado cos gobernos catalán e vasco



The screenshot shows the website interface for the 'Secretaría Xeral de Política Lingüística'. It features a search bar with the text 'BUSCAR', a menu with options like 'POLÍTICA LINGÜÍSTICA', 'VIVIR EN GALEGO', 'APRENDER GALEGO', and 'CELGA', and a main content area with the headline 'O Consorcio de Planificación Lingüística sentará as bases para a coordinación dos servizos municipais de normalización'. The article text is partially visible, matching the content in the previous block.

**Santiago, 31 de maio de 2007.-** A secretaria xeral de Política Lingüística, Marisol López, anunciou no Parlamento de Galicia que o vindeiro mes de decembro quedará constituído formalmente o Consorcio de Planificación Lingüística. Nunha resposta oral, ante a Comisión Primeira da Cámara galega, a responsable de Política Lingüística apuntou á figura do Consorcio como o ente máis axeitado para conseguir que o galego sexa a lingua habitual nas relacións internas da Administración, na comunicación interadministrativa e na relación entre Administración e cidadáns.

“Os concellos e as deputacións están obrigados por lei a facer en galego todos os actos que se poidan derivar da súa actuación administrativa, xa que o uso do galego na Administración local ten carácter imperativo”, explicou Marisol López. Con todo, apuntou que “existen organismos que aínda non o cumpren” e dixo que “desde Política Lingüística se están a poñer unhas bases sólidas para que a lexislación de aplicación nas entidades locais sexa cumprida, dunha vez por todas e nun prazo de tempo bastante próximo”.

#### **Proceso de coordinación**

Desde hai máis dun ano, a Secretaría Xeral de Política Lingüística traballa no proxecto de creación do Consorcio de Planificación Lingüística, que ten como principal obxectivo establecer un amplo proceso de coordinación entre os diferentes servizos lingüísticos, que integre as deputacións, os concellos e a Federación Galega de Municipios e Provincias, entre outras

entidades. “Neste ámbito inscríbese un obxectivo primordial para a Secretaría, que é o impulso institucional do uso, o coñecemento e a divulgación da lingua galega, co fin de acadar para este máis presenza na nosa comunidade e máis espazos de uso nos diferentes sectores sociais”, apuntou Marisol López.

Por outra parte, Política Lingüística mantén unha liña de axudas ás entidades locais para a súa galeguización. A través dun convenio subscrito coa Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Secretaría Xeral destinou este ano 640.030 euros a sufragar tanto a contratación de persoal nas entidades locais para a creación, mantemento ou fortalecemento das oficinas e servizos de normalización lingüística, como a posta en marcha de proxectos de dinamización.

#### **Protocolo cos gobernos catalán e vasco**

Marisol López tamén deu conta ante a Comisión Primeira da fundamentación e actuacións previstas no Protocolo de colaboración que os gobernos galego, catalán e vasco asinaron o 16 de marzo en materia de Política Lingüística. A secretaria xeral cualificou de “histórico” este acordo, ao ser a primeira vez que as tres comunidades con lingua propia formalizan un proxecto común de colaboración para intercambiar e contrastar experiencias e para impulsar actuacións en beneficio dunha maior igualdade social entre as linguas.

O traballo en común da Xunta de Galicia coa Generalitat de Cataluña e co Goberno Vasco xa se iniciou, ao consensuar o informe sobre o cumprimento da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias. Ademais, neste mesmo mes o protocolo foi presentado aos parlamentarios do Congreso dos Deputados e celebrouse unha xuntanza con responsables do Ministerio de Administracións Públicas. “Houbo un compromiso de colaboración para iniciar o deseño de accións conxuntas que favorezan o avance no uso das distintas linguas oficiais no ámbito da Administración do Estado”, explicou Marisol López, que engadiu que en breve haberá un programa de traballo conxunto co Ministerio.

<http://www.xunta.es/linguagalega/noticias/347>

## Nova no web da Xunta (25 de outubro de 2007)

<http://www.xunta.es/linguagalega/noticias/455>

### **Os orzamentos de Política Lingüística de 2008 priorizan as accións de fomento do galego na familia, mocidade e nas tecnoloxías**

- Marisol López presentou no Parlamento de Galicia o proxecto de orzamentos do ano que vén no que atinxe ao seu departamento, e que ascende a 23.247.547 euros
- As actividades formativas destinadas a preparar os novos certificados de galego, os Celga, dotaranse cunha partida de case tres millóns de euros
- A secretaría xeral incrementará nun 25 por cento as axudas para financiar proxectos de fomento da lingua nos centros educativos, cunha cantidade superior a un millón de euros que favorecerá a aplicación do novo decreto

The screenshot shows the website interface for the 'Secretaría Xeral de Política Lingüística'. At the top, there is a navigation bar with 'Contacto' and 'Servizos' on the left, and 'Política Lingüística' on the right. Below the navigation bar, a breadcrumb trail reads 'Está vostede en Inicio » Noticias'. On the left side, there is a search box with the label 'BUSCAR', an input field, and a 'Buscar' button. Below the search box is a 'MENÚ' section with links for 'POLÍTICA LINGÜÍSTICA', 'VIVIR EN GALEGO', 'APRENDER GALEGO', and 'CELGA'. The main content area features the title of the news article and a list of bullet points summarizing the budget priorities.

**Santiago, 25 de outubro de 2007.-** A secretaria xeral de Política Lingüística, Marisol López, compareceu na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento de Galicia para explicar o proxecto de Orzamentos 2008, no que atinxe ao seu departamento.

A contía prevista para o vindeiro exercicio ascende a 23.247.547 euros, cun incremento respecto do 2007 de 315.926 euros; é dicir, un 1,38 por cento.

Ademais da consolidación das novas estruturas de fomento da lingua creadas en 2007 — Comisión Interdepartamental da Xunta de Galicia para a Normalización Lingüística, Consorcio para a Planificación Lingüística e Consorcio de Terminoloxía Galega—, as contas de Política Lingüística para o ano que vén priorizan, segundo explicou Marisol López, as accións de intervención social en sectores sociais estratéxicos para o fomento do galego. A continuidade e reforzamento das actuacións realizadas para favorecer a transmisión familiar da lingua, accións específicas para impulsar o galego na mocidade e diferentes proxectos para garantir a presenza da nosa lingua nas novas tecnoloxías son prioridades do Goberno galego para o ano

que vén. Estas e outras actuacións deberán contar, como xa o fixeron este ano, coa implicación doutros departamentos da Xunta de Galicia, o que garantirá a responsabilidade transversal pola que apostou o actual Goberno galego en materia lingüística.

No ámbito do ensino, a principal novidade presupostaria atinxe ao notable incremento da partida destinada a financiar os proxectos de fomento do uso do galego nos centros educativos. A cantidade sobe nun 25 por cento, ao pasar de 865.000 euros a 1.081.250 euros. Este incremento contribuirá a favorecer a aplicación do novo decreto do galego no ensino e lograr un maior nivel de galeguización nos centros.

### **Novos certificados**

Na formación de adultos, a consolidación do novo sistema de certificación da lingua galega é prioridade tamén nos orzamentos de Política Lingüística. O Celga, que é como se denomina o novo certificado, separa formación de acreditación dos coñecementos e opta por valorar, sobre todo, a capacidade comunicativa. Para as actividades formativas que vai desenvolver a secretaría xeral destinaranse 2.900.000 euros.

Por outra parte, durante o ano que vén a Secretaría Xeral de Política Lingüística vai realizar un esforzo novidoso para difundir o valor do plurilingüismo en Galicia e fóra do territorio da comunidade, coincidindo coa celebración do Ano Internacional das Linguas declarado pola Unesco.

No ámbito da proxección exterior da lingua, manterase a política de ampliación da rede de 43 centros de estudos galegos e lectorados no exterior, facendo especial fincapé na creación de novos centros en universidades do Estado.


<http://www.xunta.es/linguagalega/noticias/455>

## Nova no web da Xunta (23 de novembro de 2007)

<http://www.xunta.es/linguagalega/noticias/476>

### **Marisol López destaca o papel estruturador das políticas de normalización que asumirá o Consorcio para a Planificación**

- **A secretaria xeral de Política Lingüística explicou que estamos “na recta final” para a creación deste órgano, do que formarán parte concellos e deputacións**
- **Subliñou a receptividade das administracións locais para a constitución do consorcio, que ademais de executar accións de dinamización e planificación, prestará servizos de asesoramento e coordinará os servizos de normalización**



The screenshot shows the website interface for the 'Secretaría Xeral de Política Lingüística'. It includes a search bar with the text 'BUSCAR', a menu with options like 'POLÍTICA LINGÜÍSTICA', 'VIVIR EN GALEGO', and 'APRENDER GALEGO', and a main content area with the article title and the same bullet points as above.

**Santiago, 23 de novembro de 2007.-** A secretaria xeral de Política Lingüística, Marisol López, explicou hoxe no Parlamento de Galicia que o Consorcio para a Planificación Lingüística asumirá un papel “estruturador” das políticas activas de normalización no ámbito das administracións locais, e servirá para aproveitar os recursos e para prestar asesoramento a concellos e deputacións.

En resposta a unha pregunta parlamentaria, a secretaria xeral deu conta das xestións que está a levar a cabo o seu departamento para a constitución, antes de que remate este ano, deste novo consorcio. Tras manter xuntanzas cos presidentes das deputacións provinciais e cos alcaldes das cidades galegas, Marisol López anunciou que os traballos están “na recta final” e destacou a receptividade “extraordinariamente positiva” das institucións locais a este proxecto.

O Consorcio de Planificación Lingüística é un dos principais proxectos nos que está traballando a Secretaría Xeral de Política Lingüística. No Programa operativo deste ano recóllese a creación desta entidade para, entre outras funcións, deseñar e executar accións de planificación e dinamización lingüística, comúns aos servizos de normalización existentes nas entidades locais, prestar servizos de asesoramento lingüístico e coordinar os servizos de normalización para unha toma conxunta de decisións e unha posta en común de accións.

#### **Peza organizativa fundamental**

Está previsto, en inicio, que os entes consorciados sexan, ademais da Secretaría Xeral de Política Lingüística, as deputacións provinciais e os concellos máis grandes de Galicia. O

consorcio terá, segundo explicou Marisol López, “autonomía e funcionalidade abondas como para abordar, coa eficiencia requirida, os grandes retos da Administración local no curto, medio e longo prazos, representado unha peza institucional e organizativa fundamental na achega de iniciativas, a materialización de proxectos e o acadar de resultados”.

No entanto, segue en vigor o acordo de colaboración asinado entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para promover o papel normalizador do galego das corporacións locais e das deputacións, sempre respectando a autonomía local. O departamento que dirixe Marisol López destinou a este fin 648.030 euros.

<http://www.xunta.es/linguagalega/noticias/476>

## Nova en Vieiros o 7 de marzo de 2007

---

<http://vello.vieiros.com/publicacions/nova.php?Ed=5&id=56835&cm=1>

A DIFERENZA DE ETAPAS ANTERIORES

### ***Política Lingüística avoga por converter a Xunta nun "axente galeguizador"***

<b>VIEIROS</b>	<b>GALEGO.ORG</b>
Edición xestionada por <a href="#">Vieiros</a>	A DIFERENZA DE ETAPAS ANTERIORES
<b>FORO</b>	<b>Política Lingüística avoga por converter a Xunta nun "axente galeguizador"</b>
Que che parece o Plan de Normalización Lingüística? Opina no <a href="#">foro</a> de <a href="#">galego.org</a> .	[07/03/2007 14:29] A secretaria xeral de Política Lingüística, Marisol López, compareceu este mércores en comisión parlamentaria para explicar as iniciativas de normalización que se van tomar dende a Xunta. López sinalou que xa é hora de que a Administración funcione como un verdadeiro "axente galeguizador".

[07/03/2007 14:29] A secretaria xeral de Política Lingüística, Marisol López, compareceu este mércores en comisión parlamentaria para explicar as iniciativas de normalización que se van tomar dende a Xunta. López sinalou que xa é hora de que a Administración funcione como un verdadeiro "axente galeguizador".

A máxima responsábel das políticas lingüísticas da Xunta dixo que 2006 foi "un período de transición e de avaliación do grado de eficacia das accións anteriores". López cre que en 2007 a Administración ten que visibilizarse xa coma un verdadeiro motor de normalización da lingua propia. Sostén que isto vai ser posíbel grazas á creación da Comisión Interdepartamental de Normalización Lingüística.

López anunciou que a partir do verán vaise pór en marcha o Consorcio Termigal, que será unha especie de "centro de referencia" para coordinar a terminoloxía. Pero tamén fixo especial mención ao futuro Consorcio de Planificación Lingüística, que buscará espallar as accións de normalización a concellos e deputacións.

#### **Potenciar a aprendizaxe dos adultos**

Política Lingüística tamén quere reformular o ensino do galego para adultos. Para iso, vai haber un novo sistema de certificados de lingua galega que se dividirán en cinco niveis e que se denominará CELGA.

Os tres partidos con presenza institucional coincidiron en sinalar que as medidas para a normalización son necesarias. Socialistas e nacionalistas sinalaron que é preciso un esforzo galeguizador, algo no que tamén coincidiron os populares. Porén, o deputado do BNG Bieito Lobeira sinalou que moitas veces "non é un problema de diñeiro senón de vontade".

<http://vello.vieiros.com/publicacions/nova.php?Ed=5&id=56835&cm=1>



Nova en *Culturagalega.org* o 8 de marzo de 2007

---

<http://www.culturagalega.org/noticia.php?id=9545>

ENTRE O LECER E A FAMILIA

## ***Marisol López anuncia a creación dun consorcio interadministrativo mentres avoga polo uso do idioma no ámbito doméstico***

ENTRE O LECER E A FAMILIA

## Marisol López anuncia a creación dun consorcio interadministrativo mentres avoga polo uso do idioma no ámbito doméstico

Santiago. Redacción - 8/3/2007

Os obxectivos da Secretaría Xeral de Política Lingüística para este 2007 céntranse no ámbito doméstico. Así o explicou a titular deste departamento, Marisol López, no Parlamento. Nese sentido presentará unha campaña para que as nais empreguen o galego cos seus fillos, outra para publicar cedés con contidos de interese para os máis cativos e a campaña "Eu son", un programa dirixido a 85.000 nenos de Galicia. Ademais, a secretaria anunciou a creación dun Consorcio para a Planificación Lingüística que actuará en colaboración con concellos e deputacións, para facer chegar as súas propostas a todos os ámbitos.

<http://www.culturagalega.org/noticia.php?id=9545>

Nova en *Galicia Hoxe* o 8 de marzo de 2007

[http://www.galicia-hoxe.com/index\\_2.php?idMenu=86&idNoticia=142250](http://www.galicia-hoxe.com/index_2.php?idMenu=86&idNoticia=142250)

## Consortio para a Planificación Lingüística

Política Lingüística anuncia as liñas do gabinete para este ano coa creación dun  
Consortio para a Planificación Lingüística que actuará en concellos e deputacións



The screenshot shows the top part of the Galicia-Hoxe.com website. At the top left is the 'Galicia-Hoxe.com' logo. To the right are links for 'El Correo Gallego.es', 'Radio Obradoiro', and a search bar with a 'Google' logo. Below the logo is a navigation bar with links: 'Portada', 'Portada en PDF', 'Hemeroteca', and 'RSS'. A secondary navigation bar lists categories: 'CANLES' (Canle Vivenda, Cultura, Deputación da Coruña, Medio Ambiente, Medio Rural, Noticiero Dixital, Turismo) and 'BLOGS' (A viñeta de M. B. Rei, A viñeta de H.M., Éche o que hai. Por López, Vai de Blog). A weather widget for Santiago shows 'Hoxe' (min 16, máx 25) and 'Mañá' (min 14, máx 26). The main article title is 'CONSORTIO PARA A PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA' in blue. Below the title is the introductory text: 'Política Lingüística anuncia as liñas do gabinete para este ano coa creación dun Consortio para a Planificación Lingüística que actuará en concellos e deputacións'.

### MARÉ . COMPOSTELA

A secretaria xeral de Política Lingüística, Marisol López, deu a coñecer onte no Parlamento o Programa Operativo do seu gabinete para este ano. Como paso previo á aplicación do novo decreto do galego no ensino, Marisol López concretou as liñas do seu departamento na promoción da Xunta como axente normalizador do idioma, o fomento da transmisión familiar do galego, a formación de adultos consonte aos estándares europeos, e unha maior presenza e dinamización do galego nas tecnoloxías, a formación e o profesorado.

A secretaria xeral situou o papel da Xunta como "axente galeguizador da sociedade" que se fará por medio da Comisión Interdepartamental da Xunta para a Normalización Lingüística, creada hai un mes. Ademais de impulsar a formación dos traballadores da Administración de Xustiza e das notarías galegas, Marisol López anunciou a constitución dun Consortio para a Planificación Lingüística que coordinará os servizos lingüísticos nas deputacións, a Federación Galega de Municipios e Provincias e os concellos.

Outra das medidas que quere levar adiante a secretaria dependente de Presidencia é a adaptación do sistema de ensino de galego para adultos ao Marco Común Europeo de Referencia para as linguas. A partir de setembro substituirase o actual sistema de aprendizaxe por un programa dividido en cinco niveis chamado Celga (Certificado de Lingua Galega). "Apostar decididamente pola incorporación do galego ao mundo das tecnoloxías da comunicación e da información" é, segundo Marisol López, outra prioridade do seu gabinete. A secretaria xeral anunciou a introdución de novos pares de linguas co galego para a tradución automática, incorporaranse novos recursos á web da secretaria e facilitaranse versións en galego dos sistemas operativos e programas máis usados.

## **As mulleres embarazadas recibirán material en galego**

Unha das novidades é a promoción da transmisión familiar da lingua por medio de medidas como a que adiantou Marisol López. "Todas as mulleres embarazadas recibirán, no 2007, un conxunto de materiais que as animen a establecer a súa relación maternal en lingua galega, a optar por nomes galegos e apelidos galeguizados para os seus fillos", dixo.

Outras iniciativas previstas son as actividades de dinamización lingüística para os mozos, a galeguización de festas populares e a presenza de material en galego nos festivais de música do país.

Entre as novidades, Marisol López fixo fincapé na área de asesoramento sobre dereitos lingüísticos -creada o ano pasado na Secretaría- na que se elaborará unha base de datos sobre lexislación. Ademais vanse celebrar as primeiras probas para a habilitación de tradutores e intérpretes xurados.

Por último, a secretaria xeral fixo referencia aos obxectivos relacionados coa proxección exterior do galego, que se resumen nunha maior divulgación das actividades que se fan nos 43 centros de estudos galegos existentes en distintas universidades do mundo, na promoción, xunto cos gobernos catalán e vasco, das linguas cooficiais do Estado no ámbito da Unión Europea e no reforzamento da presenza exterior da lingua grazas á colaboración co Instituto Cervantes.

[http://www.galicia-hoxe.com/index\\_2.php?idMenu=86&idNoticia=142250](http://www.galicia-hoxe.com/index_2.php?idMenu=86&idNoticia=142250)

Nova en *La Voz de Galicia* o 4 de xuño de 2007

---

<http://www.lavozdeg Galicia.es/hemeroteca/2007/06/04/5868265.shtml?idioma=galego>

## **O Concello de Santiago formará parte este ano do Consorcio de Planificación Lingüística**

*La Voz de Galicia* | HEMEROTECA WEB

---

SANTIAGO

---

## **O Concello de Santiago formará parte este ano do Consorcio de Planificación Lingüística**

---

O Concello de Santiago será un dous convidados para formar parte do Consorcio de Planificación Lingüística, xunto coas catro deputacións provinciais, a Federación Galega de Municipios e Provincias, e outras grandes cámaras municipais do país. A secretaria xeral de Política Lingüística, Marisol López, anunciou non Parlamento que esta nova institución quedará constituída formalmente non vindeiro mes de decembro.

Ou obxectivo do Consorcio será conseguir que ou galego sexa a lingua habitual nas relacións internas da Administración, na comunicación interadministrativa e na relación entre Administracións e cidadáns, segundo as explicacións que ofreceu na Cámara autonómica.

Marisol López lembrou que vos concellos e as deputacións teñen a obriga por lei de facer en galego todos vos actos que se poidan derivar da súa actuación administrativa, xa que «ou uso do galego na Administración Local ten carácter imperativo», segundo subliñou. Recoñeceu que «existen organismos que aínda non ou cumpren» e afirmou que desde Política Lingüística estanse a colocar uns alicerces firmes para que a lexislación de aplicación nas entidades locais se cumpra «dunha vez por todas e nun prazo bastante próximo».


A posta en andamento do Consorcio de Planificación Lingüística é un proxecto en que se traballa hai xa un ano, e procura establecer un amplo proceso de coordinación entre vos diferentes servizos lingüísticos. Marisol López insistiu que un obxectivo principal do seu departamento «é ou impulso institucional do uso, ou coñecemento e a divulgación da lingua galega» para atinxir «máis presenza na nosa comunidade e máis espazos de uso social».

<http://www.lavozdeg Galicia.es/hemeroteca/2007/06/04/5868265.shtml?idioma=galego>

Nova en ABC o 8 de xuño de 2007

[http://www.abc.es/hemeroteca/historico-08-06-2007/abc/Galicia/o-consorcio-de-planificacion-ling%C3%BCistica-sentara-as-bases-da-coordinacion\\_1633582013341.html](http://www.abc.es/hemeroteca/historico-08-06-2007/abc/Galicia/o-consorcio-de-planificacion-ling%C3%BCistica-sentara-as-bases-da-coordinacion_1633582013341.html)

## **O Consorcio de Planificación Lingüística sentará as bases da coordinación**



[PORTADA](#) > [Hemeroteca](#) > [08/06/2007](#) > [Galicia](#)

### **O Consorcio de Planificación Lingüística sentará as bases da coordinación**

8-6-2007 03:09:26

8-6-2007 03:09:26 - ABC - SANTIAGO. A secretaria xeral de Política Lingüística, Marisol López, anunciou no Parlamento de Galicia que o vindeiro mes de decembro quedará constituído formalmente o Consorcio de Planificación Lingüística. Nunha resposta oral, ante a Comisión Primeira da Cámara galega, a responsable de Política Lingüística apuntou a esta figura como o ente máis axeitado para conseguir que o galego sexa a lingua habitual nas relacións internas da Administración, na comunicación interadministrativa e na relación entre Administración e cidadáns.

«Os concellos e as deputacións están obrigados por lei a facer en galego todos os actos que se poidan derivar da súa actuación administrativa, xa que o uso do galego na Administración local ten carácter imperativo», explicou Marisol López. Con todo, apuntou que «existen organismos que aínda non o cumpren», e dixo que «desde Política Lingüística se están a poñer unhas bases sólidas para que a lexislación de aplicación nas entidades locais sexa cumprida, dunha vez por todas e nun prazo de tempo bastante próximo».

Desde hai máis dun ano, a Secretaría Xeral de Política Lingüística traballa no proxecto de creación do Consorcio de Planificación Lingüística, que ten como principal obxectivo establecer un amplo proceso de coordinación entre os diferentes servizos lingüísticos, que integre as deputacións, os concellos e a Federación Galega de Municipios e Provincias, entre outras entidades. «Neste ámbito inscríbese un obxectivo primordial para a Secretaría, que é o impulso institucional do uso, o coñecemento e a divulgación da lingua galega, co fin de acadar para este máis presenza na nosa comunidade e máis espazos de uso nos diferentes sectores sociais», apuntou Marisol López.

Por outra parte, Política Lingüística mantén unha liña de axudas ás entidades locais para a súa galeguización. A través dun convenio subscrito coa Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Secretaría Xeral destinou este ano 640.030 euros a sufragar tanto a contratación de persoal nas entidades locais para a creación, mantemento ou fortalecemento das oficinas e servizos de normalización lingüística, como a posta en marcha de plans de dinamización.

[http://www.abc.es/hemeroteca/historico-08-06-2007/abc/Galicia/o-consorcio-de-planificacion-ling%C3%BCistica-sentara-as-bases-da-coordinacion\\_1633582013341.html](http://www.abc.es/hemeroteca/historico-08-06-2007/abc/Galicia/o-consorcio-de-planificacion-ling%C3%BCistica-sentara-as-bases-da-coordinacion_1633582013341.html)

## Nova en Galicia Hoxe

[http://www.galicia-hoxe.com/index\\_2.php?idMenu=86&idNoticia=218378](http://www.galicia-hoxe.com/index_2.php?idMenu=86&idNoticia=218378)

# Xunta e Deputación da Coruña únense na defensa do idioma

**Marisol López e Salvador Fernández Moreda acordan a firma dun convenio polo que se creará un Consorcio para a Planificación Lingüística**



The screenshot shows the top part of the Galicia-Hoxe.com website. At the top left is the 'Galicia-Hoxe.com' logo. To the right are links for 'El Correo Gallego.es', 'Radio Obradoiro', and 'Con'. Below these is a search bar with a 'buscar' button and the Google logo. A navigation bar contains links for 'Portada', 'Portada en PDF', 'Hemeroteca', and 'RSS'. Below this are sections for 'CANLES' (Canle Vivenda, Cultura, Deputación da Coruña, Medio Ambiente, Medio Rural, Noticiero Dixital, Turismo, Vicepi) and 'BLOGS' (A viñeta de M. B. Rei, A viñeta de H.M., Éche o que hai, Por López, Vai de Blog). A weather widget for Santiago shows 'Hoxe' (min 16, máx 26) and 'Mañá' (min 14, máx 26). The main article headline is 'Xunta e Deputación da Coruña únense na defensa do idioma' in blue, with a sub-headline 'Marisol López e Salvador Fernández Moreda acordan a firma dun convenio polo que se creará un Consorcio para a Planificación Lingüística'.

A Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña asinarán antes de final de ano un convenio para a posta en marcha do Consorcio para a Planificación Lingüística, proxecto que ten como finalidade coordinar as accións que no ámbito da normalización lingüística se realicen nos distintos entes consorciados.

Así o manifestou onte o presidente do organismo coruñés, Salvador Fernández Moreda, ao remate da xuntanza de traballo que mantivo coa secretaria xeral de Política Lingüística, Marisol López Rodríguez, con quen analizou o Plan Xeral de normalización da lingua galega (PNL), que traza como obxectivo principal consolidar o papel normalizador das corporacións locais e das deputacións por medio da xeneralización do uso do galego como principal lingua de traballo e comunicación cos seus administrados.

Fernández Moreda e Marisol López afirmaron que esta nova entidade, que terá personalidade xurídica propia, dará un importante impulso institucional ao uso, coñecemento e divulgación da lingua galega, de xeito que chegue ao maior número de cidadáns posible.

Entre outras funcións, o Consorcio levará a cabo a formación non regrada en lingua galega, deseñará e executará accións de planificación e dinamización lingüística, prestará asesoramento técnico a todo tipo de colectivos e sectores sociais sobre a normativa vixente e a correcta utilización da lingua galega e realizará actividades complementarias destinadas á promoción do uso correcto do idioma.

[http://www.galicia-hoxe.com/index\\_2.php?idMenu=86&idNoticia=218378](http://www.galicia-hoxe.com/index_2.php?idMenu=86&idNoticia=218378)

Nova en *La Voz de Galicia* o 11 de outubro de 2007

[http://www.lavozdeg Galicia.es/carballo/2007/10/11/0003\\_6218890.htm?idioma=galego](http://www.lavozdeg Galicia.es/carballo/2007/10/11/0003_6218890.htm?idioma=galego)

## ***O convenio para a Planificación Lingüística promoverá ou uso do galego nos concellos***

**La Voz de Galicia**.es

PORTADA GALICIA DEPORTES SOCIEDADE DIÑEIRO ESPAÑA MUNDO OPINIÓN PARTICIPA

A Coruña A Mariña Arousa Barbanza Carballo Deza Ferrol Lemos Lugo Ourense

### **Ou convenio para a Planificación Lingüística promoverá ou uso do galego nos concellos**

La Voz | 11/10/2007

Vos concellos dá Costa da Morte poderán participar non Consorcio para a Planificación Lingüística, que se porá en marcha antes de final de ano mediante un convenio entre a Xunta de Galicia e a Deputación dá Coruña, segundo ou proxecto presentado esta semana polo presidente do organismo coruñés, Salvador Fernández Moreda, e a secretaria xeral de Política Lingüística, Marisol López.

A nova entidade, que terá «personalidade xurídica propia», segundo indicaron vos representantes de ambas as dúas Administracións, terá como obxectivo principal «consolidar ou papel normalizador das corporacións locais e das deputacións por medio dá xeralización do uso do galego como principal lingua de traballo e comunicación cos seus administrados».



O Consorcio levará a cabo a formación non regrada en lingua galega, deseñara e executará accións de planificación e dinamización lingüística, prestará asesoramento técnico a todo tipo de colectivos e sectores sociais sobre a normativa vixente e a correcta utilización dá lingua galega e realizará actividades complementarias destinadas á promoción do uso correcto do idioma.

#### **Axudas en curso**

Ou presidente dá Deputación destacou que a institución que preside xa está a prestar axuda a preto de cincuenta concellos dá provincia para ou mantemento dúas servizos de normalización lingüística. Entre vos 24 que xa tingan ou convenio en vigor e que ou renovarán en breve figuran Carballo, Dumbría, Muxía, Ponteceso e Vimianzo. A todos eles acaban de



sumarse Cabana, Cerceda, Cee e A Laracha, co que xa son nove vos municipios dá zona que prestan este tipo de servizo ao cidadán. Moreda opina que ou Consorcio para a Planificación Lingüística será «unha ferramenta útil» para seguir promocionando ou uso do galego.

[http://www.lavozdeg Galicia.es/carballo/2007/10/11/0003\\_6218890.htm?idioma=galego](http://www.lavozdeg Galicia.es/carballo/2007/10/11/0003_6218890.htm?idioma=galego)

Nova en *La Voz de Galicia* do 18 de outubro de 2007

[http://www.lavozdeg Galicia.es/ferrol/2007/10/18/0003\\_6236947.htm](http://www.lavozdeg Galicia.es/ferrol/2007/10/18/0003_6236947.htm)

## ***El Ayuntamiento confirma que se unirá al Consorcio de Planificación Lingüística***



PORTADA GALICIA DEPORTES SOCIEDADE DIÑEIRO ESPAÑA MUNDO OPINIÓN PARTICIPA BLOGS LECER

A Coruña A Mariña Arousa Barbanza Carballo Deza Ferrol Lemos Lugo Ourense Pontevedra

## **O Concello confirma que se unirá ao Consorcio de Planificación Lingüística**

La Voz | 18/10/2007

El alcalde de Ferrol, Vicente Irisarri, anunció ayer que el Concello se integrará en el Consorcio para la Planificación Lingüística. La entrada en ese organismo fue acordada ayer por el regidor y Marisol López, secretaria general de esa área del Gobierno gallego. En el encuentro también participaron la concejala de Cultura y teniente de alcalde, Yolanda Díaz, y el edil de Participación Cidadá, Javier Galán.

El objetivo del organismo, que empezará a funcionar en el 2008, es coordinar las acciones de normalización lingüística que se realicen desde las entidades asociadas.

[http://www.lavozdeg Galicia.es/ferrol/2007/10/18/0003\\_6236947.htm](http://www.lavozdeg Galicia.es/ferrol/2007/10/18/0003_6236947.htm)

Nova en *La Voz de Galicia* do 19 de outubro de 2007

[http://www.lavozdeg Galicia.es/pontevedra/2007/10/19/0003\\_6240453.htm](http://www.lavozdeg Galicia.es/pontevedra/2007/10/19/0003_6240453.htm)

## **Pontevedra entrará no consorcio para a planificación lingüística**

*La Voz de Galicia*.es

PORTADA GALICIA DEPORTES SOCIEDADE DIÑEIRO ESPAÑA MUNDO OPINIÓN PARTICIPA BLOGS LECER

A Coruña A Mariña Arousa Barbanza Carballo Deza Ferrol Lemos Lugo Ourense Pontevedra

## Pontevedra entrará non consorcio para a planificación lingüística

S.B. | 19/10/2007

A secretaria xeral de Política Lingüística, Marisol Martínez, presentou onte ao alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores, o proxecto de consorcio para a planificación lingüística, que porá en marcha a Xunta de Galicia antes de que acabe este ano. O obxectivo do consorcio é, por unha banda, coordinar as tarefas de formación en materia de lingua galega coa implantación dos novos certificados Celga; e, polo outro, traballar na dinamización do galego para lograr mediante accións coordinadas entre todas as institucións implicadas que o emprego do galego como lingua cotián vaia en aumento.

Lores anunciou a adhesión do Concello á iniciativa, cunha achega de 40.000 euros anuais. Política Lingüística pretende que, nunha primeira fase, forman parte deste consorcio as sete grandes cidades galegas e as catro deputacións provinciais, para a medio prazo ir incorporando a outros organismos.

Martínez e Lores coincidiron en destacar o paradoxo da sociedade actual, en que os mozos reciben unha boa formación en lingua galega pero o seu uso vai en retroceso entre os propios

[http://www.lavozdeg Galicia.es/pontevedra/2007/10/19/0003\\_6240453.htm](http://www.lavozdeg Galicia.es/pontevedra/2007/10/19/0003_6240453.htm)

Nova en *La Voz de Galicia* do 26 de outubro de 2007

---

[http://www.lavozdegalicia.es/santiago/2007/10/26/0003\\_6261065.htm](http://www.lavozdegalicia.es/santiago/2007/10/26/0003_6261065.htm)

## ***A Xunta invita a Raxoi a entrar no Consorcio Lingüístico***



PORTADA GALICIA DEPORTES SOCIEDADE DIÑEIRO ESPAÑA MUNDO OPINIÓN PARTICIPA BLOGS  
A Coruña A Mariña Arousa Barbanza Carballo Deza Ferrol Lemos Lugo Ourense Pont

## **A Xunta invita a Raxoi a entrar no Consorcio Lingüístico**

La Voz | 26/10/2007

La secretaria xeral de Política Lingüística, Marisol López, presentó ayer al alcalde y a la concejala del área, Guadalupe Rodríguez, los objetivos y criterios de funcionamiento del futuro Consorcio para a Planificación Lingüística, en el que se integrarán, además de la Administración autonómica, las diputaciones y los municipios gallegos.

La secretaria xeral invitó al ayuntamiento capitalino a incorporarse a dicho órgano, proyectado en el Plan Xeral de Normalización Lingüística para consolidar el papel normalizador de las corporaciones locales.

[http://www.lavozdegalicia.es/santiago/2007/10/26/0003\\_6261065.htm](http://www.lavozdegalicia.es/santiago/2007/10/26/0003_6261065.htm)

Nova en *La Opinión de A Coruña* do 23 de novembro de 2007

[http://www.laopinioncoruna.es/secciones/noticia.jsp?pRef=2587\\_4\\_147463\\_Galicia-Consorcio-Planificacion-Lingistica-funcionara-semanas-adhesion-siete-ciudades-diputaciones](http://www.laopinioncoruna.es/secciones/noticia.jsp?pRef=2587_4_147463_Galicia-Consorcio-Planificacion-Lingistica-funcionara-semanas-adhesion-siete-ciudades-diputaciones)

NORMALIZACIÓN DEL GALLEGO

## ***El Consorcio de Planificación Lingüística funcionará en semanas con la adhesión de las siete ciudades y las diputaciones***



laopinioncoruña.es NOTICIAS Galicia HEMEROTECA » EN E

INICIO SECCIONES DEPORTES ECONOMÍA OPINIONES

A Coruña/Metro Galicia España Mundo Sucesos Economía Mar Deportes Cultura Sociedad Cie

laopinioncoruña.es » Galicia

NORMALIZACIÓN DEL GALLEGO

## **El Consorcio de Planificación Lingüística funcionará en semanas con la adhesión de las siete ciudades y las diputaciones**

18:06 ☆☆☆☆☆



El Consorcio de Planificación Lingüística, impulsado por la Secretaría Xeral de Política Lingüística, se pondrá en marcha en las próximas semanas con la adhesión de las siete ciudades gallegas y de las cuatro diputaciones, y con el objetivo de diseñar y ejecutar acciones conjuntas de normalización del gallego.

**EUROPA PRESS** Así lo avanzó hoy la responsable de este departamento autonómico, Marisol López, en su comparecencia en la Comisión de Educación e Cultura, en la que mostró su satisfacción por la activación de este órgano, al que se podrán sumar todos los municipios de la comunidad.

De hecho, resaltó la "receptividad" de todas las administraciones locales consultadas para su creación, que, a su juicio, "responderá a los grandes retos de la normalización en este ámbito". Así, a través de este consorcio, y del de Terminoloxía, ya en 2008 se verán "resultados". Entre sus funciones, además del diseño y ejecución de medidas de normalización, citó el asesoramiento lingüístico a los ayuntamientos o la puesta en común de las distintas iniciativas.

Además, Marisol López se refirió al convenio que, por valor de 900.000 euros, firmó este año con la Consellería de Presidencia para impulsar el uso del gallego en la Administración local. De este modo, esta partida ha servido para "consolidar el papel normalizador de los consistorios", con ayudas para la contratación de personal para la traducción, para realizar campañas, o para galleguizar las herramientas ofimáticas.

## RESISTENCIAS.

La secretaria xeral destacou que, de los 900.000 euros, su departamento sufraga 650.000, mientras que durante el último Gobierno del PP se dedicaban a este fin 28.000 euros. Por último, también aludió a las acciones de su Gabinete para la promoción del gallego en los municipios en los que se utiliza este idioma fuera de los límites administrativos de la comunidad.

No obstante, el autor de la iniciativa, el nacionalista Bieito Lobeira, alertó de que "sigue existiendo resistencia" en algunas localidades al cumplimiento de la legalidad lingüística. En este sentido, además de referirse a las distintas leyes aprobadas al respecto, recordó la existencia de una resolución aprobada por unanimidad en la Cámara para el impulso de medidas concretas al respecto.

## SIN QUEJAS.

De esta forma, invitó a Política Lingüística a dirigirse a aquellos municipios que no estén aplicando el mandato del Parlamento, entre los que citó el de Tui, el de Vigo -en concreto comentó que su alcalde utiliza el castellano en sus intervenciones públicas--, o el de A Coruña, a pesar de que en esta ciudad constató "avances" tras las elecciones municipales.

Por ello, exigió a Marisol López un papel "activo, no sólo en la asignación de recursos económicos" y le reclamó un "esfuerzo especial" en las ciudades, donde más gallegohablantes se están perdiendo. "Es una cuestión de voluntad política", enfatizó, tras asegurar que el "75 por ciento de los equipos de normalización de los ayuntamientos no cumplen su papel".

No obstante, la titular de Política Lingüística le replicó que a este departamento "no han llegado quejas de los ciudadanos en relación al uso del gallego en los municipios", y, a modo de ejemplo, aseguró que cuando habla con los regidores de A Coruña y Vigo lo hace en gallego.

[http://www.laopinioncoruna.es/secciones/noticia.jsp?pRef=2587\\_4\\_147463\\_Galicia-Consortio-Planificacion-Lingistica-funcionara-semanas-adhesion-siete-ciudades-diputaciones](http://www.laopinioncoruna.es/secciones/noticia.jsp?pRef=2587_4_147463_Galicia-Consortio-Planificacion-Lingistica-funcionara-semanas-adhesion-siete-ciudades-diputaciones)